

UNIDADE DIDÁCTICA DE "CÓSIMA"



Por Nate Borrajo

Entrada de Papagueno: este personaxe fala e viste diferente. Tedes amigos e amigas doutros países? Que fariades se fósedes a outro país e tiverades que falar? Podemos inventar unha lingua nova, ou un sistema de signos para poder comunicarnos (levantar a man pode ser ir para a casa; rañar o pelo pode ser ter fame...) Ou un sistema de bandeiras, como fan Cósima e a súa nai! E tamén podemos inventar un vestiario para un esquimó que vén de vacacións a Galicia e outro para un chinés que vai vivir a Marrocos...



Papagueno é estranxeiro, non sabe pronunciar correctamente os sons galegos, por iso cambia... Collede o texto que hai a continuación e cambiade sons segundo sexades: chineses/as, alemáns/ás, franceses/as, americanos/as...

“Ben amiguiños e amiguiñas, ata aquí a historia de Cósima, a moza que subiu a unha árbore e que nunca volveu baixar, nunca... Ben, ao mellor baixou algunhas veces, pero non era a mesma Cósima que anos pasados escalara a árbore. Viola adicouse a escribir no xornal do colexio, artigos sobre o medo a rubir e baixar das árbores e os dereitos dos nenos e nenas. E de min, que? Pois ben, eu seguín o meu camiño na procura de Ortina e doutras historias. Dende aquel día a porta da gaiola permanece firmemente aberta. Os paxaros son libres de ir e vir segundo lles pete. Tiveron liberdade para marchar... E teñen liberdade para volver”

E se recuperamos a figura da carta como método de comunicación para mandar mensaxes aos nosos amigos e amigas do planeta? Pero non só as cartas, tamén serven botellas, debuxos, xeroglíficos, globos...

Imaxinade que sodes Miguel Strogof, que a humanidade ou a vosa nai necesita que levedes unha mensaxe importantísima. Pero que ninguén, excepto o que a reciba, poida coñecer o seu contido. Teredes que enxeñarvos para crear un novo código!

Papagueno trae paxaros e cóidaos...

- Tedes mascotas ou animais? Falades e buscádeslles comida? Podemos debuxalos? Papagueno ten nome de paxaro e imita o canto, que animal é o voso favorito e de cal sabedes imitar o son?
- Poñeriádelos en gaiolas ou non??? É hora de facer un... DEBATE!!

Papagueno é contador de historias: cal é a vosa profesión favorita? Que vos apetece estudar... Que haberá que estudar ou que haberá que adestrar para ser contador de historias? E para ser un contador de estrelas? E un contador de ondas marinas? E para ser soprador de dentes de león?

A historia de Papagueno é a de **Cósima**: *a nena que subiu á árbore...* Papagueno conta unha historia que nós vemos, pero que xa pasou hai tempo... É coma se vemos un vídeo de cando somos pequenos, ou nos contan agora historias xa pasadas... ou unha película... Fai ti o mesmo cos compañeiros, escolle fotos túas nas que esteas nun momento especial e cóntanos os recordos que teñas.... ou mesmo podedes escribir a vosa historia ou un diálogo do que vos pasou a semana pasada na escola, ou do primeiro día que vistes nevar...

Xa estamos dentro da historia... que emocionante!!! Vamos coñecer a unha nena moi moi especial, Cósima!, aos seus pais e aos seus amigos, Papagueno e Viola...

Pero... onde vive Cósima? É unha aldea con bosques, mar, árbores de moito tipo e tamén estradas, colexios... E tamén lobos!!! Que vos parece se debuxamos esa aldea? E tamén un mapa secreto para poder chegar ata ela dende a vosa casa? Podedes tamén facer o mapa e os personaxes con plastilina para xogar con eles e pórilles voces e música.

Os pais de Cósima: coñécense bailando! É o que máis lles gustaba de novos: ir ao baile! Como se coñeceron os vosos pais ou os vosos avós? Que era o que máis lles gustaba de pequenos?



Na historia de Cósima, os pais bailan vals, tango e a muiñeira. Que sabedes bailar vós? A muiñeira? O rock? Imos inventar nós unha nova coreografía: poñede a música, escoitádea, pechade os ollos e deixade libre o voso corpo. Somos bailaríns!

Os bailes como o tango e o vals son en parella. Agora de dous en dous:

- facer o espello: un propón un movemento e a parella imítalo;
- completar figura: xogando con posturas abertas (estirar o copo), e pechadas (encoller todo o corpo) un propón e o outro completa.

A dificultade é que tedes que ir anotando ou memorizando os pasos de baile que ides creando para repetilos diante da clase. Tamén tedes que inventar un nome para o voso baile.

Probade a escoitar a música movendo só:

- os ollos,
- os dedos da man dereita,
- a cabeza
- o cu
- ...

A Papagueno tamén lle gusta moito a música! Ten unha morea de instrumentos e coa súa voz imita os cantos dos seus amigos os paxaros. Imos facer entre todos un concerto-baile!!!



Escolle o teu instrumento favorito: violín, contrabaixo, clarinete, fagot, trompeta, trombón, percusión, piano, guitarra... Debuxádeo nunha cartolina e recortádeo. Agora tedes que reproducir o son ou inventar o son do voso instrumento. Pode ser un son, unha sílaba ou unha palabra. Colocádevos ben guapos e guapas nas vosas cadeiras e buscade un director de orquestra... e que comece a música! Lembraide que ten que cada instrumento ten que soar ben conxuntado cos outros e que hai momentos nos que só se escoita un... Vaia concertazo!!!

Buscade nos libros de cómic os sons que hai para reproducir golpes, caídas... tamén serven os sons de animais, ruídos de coches, de xente vendendo froita a berros, de medios de transporte... Distribuíde os sons entre todos e todas e logo escribide un conto no que aparezan eses sons. Tamén é importante deseñar unha coreografía, para bailar todos e todas. Non esquezades o voso instrumento maior: a vosa imaxinación!

Cal é a vosa música favorita? E se facedes unha audición: cada un de vós trae un cedé do seu grupo e preséntallo aos demais como se fose un presentador dun programa da tele! Seguro que todas e todos descubrimos grupos novos e outros gustos!

Se escoitades música (pode ser calquera que se vos ocorra), fixédevos no ritmo e tentade seguilo movendo todo o corpo. Tamén podedes inventar palabras que teñan moitas consoantes, como se forades instrumentos de percusión e case que inventades unha nova lingua: a lingua do camiñar!

Cósima buscou o seu lugar secreto, o seu refuxio nunha árbore... Que árbore credes que ten Cósima? Normalmente se temos un problema... temos que buscar unha solución! Pero tamén podemos reflexionar, pensar nun refuxio! O noso lugar favorito, onde estar sós e cómodos! Como é o voso?

Se o voso refuxio fose unha...

- Árbore: cómo sería a vosa, debuxádea, comparádea, describídea... fadede uns slógans para que a vosa árbore sexa a mellor... Poden ser árbores coñecidas, pero tamén valen as que a vós vos apeteza inventar!

-
- Podedes investigar coa axuda dos vosos profes a importancia das árbores para a vida!

"A árbore é o símbolo do señorío espiritual de Galiza. A árbore é un engado dos ollos, pola súa fermosura; é unha delicia dos oídos, porque nela cantan os paxaros; é un arrolado do espírito porque nas súas pólas conta contos o vento. A árbore pídlle auga ao ceo para que a terra teña sangue, vida e bonitura" D. Rodríguez Castelao



- Igual o refuxio favorito non é unha árbore, pode ser outra vivenda, outra cabana: un neno esquimó... onde estaría; e un neno noruegués; e un vietnamita???
- Para vivir nunha árbore... temos que ter todo moi organizado... como ten Cósima. Como dividiríades o espazo?
- Deseñade a vosa cabana! Agora que xa a tedes deseñado apuntade cinco cousas negativas e positivas de vivir nunha cabana... Ver as estrelas/ A ducha diaria ou cargar o mp3....

“Vivir nunha árbore que bonito é, andar polas pólas e durmir de pé” . Que vista ten Cósima dende a árbore! Pode velo todo!!, imaxínade que podedes ver dende moi arriba, que vivides nun sétimo ou nun oitavo! Se mirades para abaixo... case non vedes ás persoas!!!! Escribide un conto a vista de paxaro e outro a vista de formiga, pegada ao chan. E logo reflexionade se algunha é mellor, ou son necesarias as dúas para a nosa vida...

Cósima fala da árbore que vemos e da que non vemos: podedes imaxinar ou buscar información sobre cómo é unha árbore por dentro e de cómo son as súas raíces. Tamén sobre os animalíños e insectos que viven nunha árbore...

Que pasaría se todos vivísemos nas árbores? Ou se todos quixéramos vivir debaixo da terra??? Podedes debuxar ou escribir uns diálogos??

Dicide nomes de xogos que se poden facer en solitario e con amigos... De cales hai máis? A cales vos gusta xogar máis??

Uff!! Que aburrido é xogar só! Os solitarios están ben... pero só unha tempada pequena... porque cansan... Necesitamos amigos e amigas, verdade?? Como é un amigo?? Que facedes vós cos vosos amigos e amigas?? A vosa panda ten nome??

Na aldea, todos e todas están preocupados. Non saben onde está Cosima, ninguén sabe nada. Facede un cartel de “Búscase Cósima” e inventade o texto describindo:

o seu aspecto físico,
o que levaría posto no momento da desaparición,
recompensa que ofrecedes por atopala,
dirección a onde mandar a información,
outras cousas que creades importantes.

Imaxínade que desaparece un compañeiro ou unha compañeira... Uffff! Que horrible!! Para tratar de que nos atopen axiña, imos buscar unha marca, un sinal no noso corpo que nos faga inconfundibles. Logo faremos unha lista coa marca ou sinal dos e das compañeiros e compañeirás da clase. Tamén crearemos un carné de identidade onde aparezan:

a comida favorita,
a cor favorita,
a película favorita,
a música favorita,
o libro favorito,
o animal preferido,
e, por suposto!, o noso sinal secreto e persoal!!

O medo

Cósima vive soa... E non ten medo!!!! Pero Viola, a súa amiga si... Viola ten medo! Non quere subir ás árbores, non quere bañarse no mar, non quere vivir na árbore... Pero isto é normal! Todos e todas temos medo, medo a algo!!! Pois si, e non pasa nada! O máis importante para gañarlle ao medo é recoñecelo!!! Temos medo!!!

Agora non podemos desfalecer, temos que vencelo... e é moito mellor vencelo rodeado de amigos e amigas que un só... Que vos parece se nos organizamos para buscar os nosos medos? E se entre todos descubrimos o medo curador, o medo medroso??



O primeiro é falalo cos compañeiros e compañeirás da clase. Sentados en círculo, imos ir dicindo os nosos medos, de cando eramos moi moi moi pequenos, de agora e medos futuros que nos poden chegar. Facemos un mural cos nosos nomes e cos nosos medos! Non imos ter vergoña, seguro que coincidimos!!!!

Se agora viaxades ao redor dunha árbore, polo voso cuarto ou polo voso escondedoiro favorito, con tormentas, vento e chuvia, pola noite, e vemos e escoitamos xuntos todo o que nos fai arrepiar, o medo será máis pequeno, porque temos amigos e amigas!!! Alento exploradores!!

Hai quen lle ten medo aos insectos e os animais grandes. As ondas do mar, ás treboadas, ás máscaras e disfraces e ata ao colexio!! Pero sobre todo temos medo cando non vemos ben, cando todo está escuro.

Pintade unha paisaxe que coñezades coas cores do sol e coas cores da noite (brancos, negros e grises)... Tamén podedes incluír que monstros ou medos poden aparecer polo día e cales pola noite. Poden ser imaxinarios, máxicos..., ou animais reais, insectos...

É importante que lles poñades nomes aos vosos debuxos. O medo ten medo dos nomes!!!

Ás veces os ruídos énchenos de medo!!! Inventade unha canción para o medo: primeiro unha letra. Pode ser para curar medos grandes, pequenos ou medianos ou para curar medos que aínda non chegaron. Somos curandeiros e curandeiras de medos!!! Podemos facer letras para curar:

- cans con rabos de alacrás,
- con moscas que ulen a mazás,
- centolos con pintas de amorodos
- ameixas coa cuncha de cereixas
- ...

Mesturamos comida, música e amizade, e creamos os nosos propios antídotos!! En Cósima temos tamén eses ingredientes, pero ás veces están mal mesturados: os pais xa non bailan; a comida non é sempre a mellor, sobre todo nos primeiros anos de Cósima...

Tamén a súa amizade con Viola ten días malos e bos. Pero isto pasa porque, ás veces, dicir as verdades non sempre é fácil, pero os amigos e amigas de verdade teñen que dicilas. De feito aínda que se enfaden, volven ser amigas toda a vida!!!

Para desenfadarse non pode faltar unha carta sincera, unha receita de cea marabillosa e... por suposto un bo libro para ler e ir moito moito xuntas ao teatro!!!



Pesos e poleas, o libro favorito de Cósima!! Cal é o voso? Facémoslle un poema? Titularémolo **O libro**. Para tal cometido, tedes que contestar ás seguintes preguntas:

Se o meu libro fose ave, sería:

Se o meu libro fose unha estación do ano, sería:

Se o meu libro fose flor, sería:

Se o meu libro fose un froito, sería:

Se o meu libro fose un mineral, sería:
Se o meu libro tivese un estado civil (solteiro, casado...), sería:
Se o meu libro fose unha temperatura, sería:
Se o meu libro tivese unha forma xeométrica, sería:
Se o meu libro fose un animal, sería:
Se o meu libro fose un vexetal, sería:
Se o meu libro fose un momento do día, sería: (mañá, tarde...)
Se o meu libro fose un número, sería:
Se o meu libro fose un fenómeno atmosférico, sería:
En resumo, o meu libro é...

Gústame / Non me gusta: cando os amigos da obra, Cósima, Papagueno e Viola falan, coñecemos moitas cousas deles! Os seus gustos e algún segredo...
Escribide todo o que vos gusta e non vos gusta da comida, da vosa habitación, da tele e do planeta... que pensades que lle gusta a Cósima? E o que non lle gusta a Viola??
(Lembrades que a Viola non lle gusta o medo á noite ou caer dunha árbore, pero gústalle Ramón! A Cósima gústalle ler e ser libre e non lle gustan os berros e as ordes! A Papagueno gústanlle os paxaros, as historias e as mazás, pero non lle gusta que ninguén estea triste...)

Gústanme: as obras de teatro de amor, as que quedan sempre na memoria, as que me fan pensar, as que din moito da maneira máis sinxela, as que non son soamente poesía, as curtas pero profundas, as de antes, as de agora, as que podo entender, as que riman, as con sentimento, as que se fan con cariño, as que doen, as que fan rir, as que fan chorar, as que sorprenden, as que expresan un sentimento, as que cada vez as les atopas algo novo, as que se escriben co corazón, as que falan de cousas máis reais, as que son pura fantasía...

Historias como comidas: Ai!! Que difícil é comer algo que non nos gusta... Lembrades as comidas da nai de Cósima??? Eran terribles! Que fariades vós?



Pero agora non... agora imos ser nós cocinheiros e cocinieras... Para sobrevivir podemos alimentarnos con pan e un ovo frito. Pero para disfrutar comendo, elaboramos receitas deliciosas, va que si? Lembrade o voso prato favorito. Igualiño que cos libros! Podemos sobrevivir sen ler libros, pero qué estupendo cando un libro nos emociona, nos transporta...

Se tivésedes que colocar os libros nun supermercado: onde porías os libros de matemáticas? Na chacinería? E os de inglés? Quizais nos andeis das galletas? E para quen reservarías o andel dos chocolates? Non mo digas. Debuxa un supermercado con todos os seus apartados e logo vai substituíndo a comida por libros...

Substituíde o substantivo «nena ou neno» por un xesto (tocar o pelo, un chisco...). O substantivo «filla» por un ruído. E o substantivo « árbore» por un movemento. Lede o resultado e logo facede unha coreografía en grupos de catro.

Papagueno: *Ola amigos e amigas! Eu son Papagueno, coidador de paxaros e coleccionista de contos. Vouvos contar a historia de Cósima, a nena que decidiu vivir nunha árbore. Cando eran mozos, aos seus pais gustáballes moito bailar. Ollade...*

Todas as semanas ían á aldea coa idea dexuntar os seus corazóns. “Esa será a miña muller”, pensaba el, “Ese será o meu home”, pensaba ela. Casaron e ao tempo a muller quedou preñada. Non lles cabía a ledicia no peito, pois sempre desexaran ter familia.



A muller deu á luz unha saudable e fermosa nena. Pasaba o tempo, a filla ía medrando e, segundo ía medrando, máis duro e difícil facíaselle ao pai comunicarlle o seu amor. “Se fose neno”, pensaba, “podería saber qué facer. Levaríao ao traballo comigo e tamén de caza e pesca, cousas de homes”. Cos primeiros pasos da adolescencia, o pai comezou a anticipar problemas, algo malo ía pasar. Non durmía tranquilo. Acordaba sempre co mesmo pensamento: a súa filla, dándolle as costas, agatuñaba á cima dunha árbore moi alta. O soño interrompiase no momento no que el mesmo collía unha machada e preparábase para cortar a árbore.

Se queredes, podemos preparar os pratos máis apetitosos! Cal é a vosa comida favorita? Tratade de describila con xestos. Para isto:

describide primeiro os alimentos que leva
a súa preparación
e como se serve para comer

Inventade un diálogo en grupos de catro que se desenvolva durante unha comida. Un de vós fixo a comida. E esqueceu botar algo moi importante: sal. Mentres comedes, notades que a comida está rara. Pero falta algo. O cociñeiro ou cociñeira trata de convencer aos compañeiros de que é moito máis san.

Somos Creadores, Soñadores e Enxeñeiros da Palabra! Podemos cambiar o mundo con palabras e o teatro? Vamos intentalo! En Cósima, A súa nai prepara un delicioso pastel de chocolate e amorodos para celebrar o seu cumpreanos e recordarlle o moito que a quere. Que che parece? Cambiamos o que non nos gusta coa comida? Intenta elaborar un delicioso manxar para transformar dende a dor de moas ata a protección da Antártida. E para facer que os papás e as mamás, os veciños, os amigos e as amigas, os tíos e tías... dean moitos bicos e caricias aos nenos e nenas.



Cada un dos nosos amigos vai vestido dun xeito moi diferente, cada un segundo os seus gustos e a súa comodidade... Diseñade roupa para diferentes momentos do día e segundo diferentes estilos: elegante, deportivo, punk, de baile de gala, para ir ao cine, para ir a unha festa no bosque, nunha árbore ou na praza da aldea... e logo podeades pintarvos a vós mesmos/as coa roupa que máis vos gusten!! Moi importante que as cores combinen!!! Que ben!, xa sodes deseñadores e deseñadoras de teatro!!!

Pensades que estar castigados nun cuarto escuro pode servir para algo? Imaxinade que cos castigos se puidese arranxar o mundo... Que país sería? Creade o país dos castigos, onde todos os adultos puxesen castigos sen parar, escribide algún diálogo nunha tenda onde todo se castiga: a talla do pantalón, o prezo e tamén se non vos queda ben... Sería agradable ou non?

Inventade un mundo anticastigos inxustos: que pasaría se todos e todas falásemos e nos entendésemos?

Inventade un código de bos costumes: entre todos e todas tratade de cambiar os castigos do pai de Cósima por un bo costume: só así deixaremos os castigos!

- os tiróns de orellas por
- os berros por
- a pinza no nariz por

Que credes que consegue Cósima subindo á árbore?? Como conseguides vós que vos escoiten?

Ao final Cósima fala sen berrar, con calma e os pais caen na conta de que están equivocados... Que importante é falar ben!!!

Tres amigos moi diferentes e con finais tamén diferentes: cómo serán de maiores??? Escribide o voso final!!!

E lembrade, os castigos e os castigadores son monstrosos, feos e pegañentos e moitas veces fan feridas no corazón... Todos! Nesta vida hai que vivir, aprender, gozar e facer moitos moitos amigos e amigas, canto máis diferentes mellor!!!!

